

HISTORIA DAS ANTERIORES REFORMAS DAS PENSÍONS

Reforma das pensións de 1985	
Aumenta o período mínimo de cotización para acceder a unha pensión	
antes: 10 anos	despois: 15 anos
Amplía o período para calcular a pensión	
antes: 2 anos	antes: 8 anos
Actualización da cuantía das pensións	
En función do aumento dos salarios	En función do IPC previsto. Se a inflación real é maior que a prevista a diferenza só se compensa nas pensións mínimas
Reforma das pensións de 1997	
Amplía novamente o período para calcular a pensión	
8 anos	15 anos
Proposta de reforma das pensións de 2011	
Amplía novamente o período para calcular a pensión	
15 anos	20-25 anos
Aumenta a idade de xubilación	
65 anos	67 anos

 **27 DE XANEIRO:**
EN DEFENSA
DO EMPREGO E DAS PENSÍONS
FOLGA XERAL!



NON SEXAS INOCENTE

ALGÚNS DATOS PARA COMPRENDER A GRAN MENTIRA SOBRE A REFORMA DAS PENSÍONS

 **27 DE XANEIRO:**
EN DEFENSA
DAS PENSÍONS E DO EMPREGO
FOLGA XERAL!

1 O grupo de economistas que fai os informes para a Unión Europea, para a OCDE e para o Goberno, están **contratados e pagados polo BBVA, Banco de Santander e CEOE.**

2 No ano 1999 este grupo de economistas **pronosticaban a creba das pensións para o ano 2010**. No ano 2000 créase o Fondo de Reserva das Pensións, nestes 10 anos este fondo acumulou un excedente de máis de 64.000 millóns de €. No ano 2010 o superávit no 3º trimestre foi de 11.000 millóns de €, cun 14% máis de pensionistas que no ano 2000.

3 As medidas que pretende aprobar o Goberno de ampliar os anos de cálculo e a idade de xubilación, poderán **reducir até un 25% a pensión** nos próximos anos. Ao mesmo tempo que reforman as pensións, aprobaron reducir as cotizacións das empresas e subvencionar os despedimentos co diñeiro público. Isto representa máis diñeiro que o que aforran coa reforma das pensións.

4 Na proposta de reforma das pensións que queren aprobar **incrementan o tope para as pensións máximas** (banqueiros, empresarios, executivos, profesións liberais) para que poidan cobrar máis, e recortan aproximadamente un 10% as da clase traballadora. Recortan as dos pobres para darllo aos ricos.

5 O Estado Español é **o que menos gasta en pensións** da Europa dos 15, menos que Portugal que gasta o 11,4% do PIB*. O Estado Español gasta o 7,8%.

6 No ano 1995 o gasto en pensións no Estado Español representaba o 8,3% do PIB. No ano 2008, con 1.500.000 (un millón cincocentos mil) pensionistas máis e 2 millóns de desempregados máis que entón, o gasto é do 7,8%, **un 0,5% menos**.

*PIB (Produto Interior Bruto): magnitude macroeconómica que indica o valor de todos os bens e servizos producidos por unha economía durante un período de tempo, normalmente un ano.

7 Os resultados de superávit reproducense cada ano porque dependen do crecemento económico e do incremento anual de traballadores e traballadoras. Nos últimos 30 anos **a clase traballadora creceu mais do dobre**. En Galiza no ano 1980 non chegaba aos 430 mil. Hoxe pasa de 940 mil traballadores e traballadoras.

8 Na conxelación das pensións públicas no 2010, que afectou á clase traballadora, **o Estado aforrou 1.530 millóns de €**. Pero ao mesmo tempo **perdeu 1.440 millóns de €** pola desgravación fiscal que lle fai aos ricos das pensións privadas contratadas en bancos e aseguradoras.

9 Os que aproban estas medidas non reforman as súas pensións. Os deputados e senadores **con 7 anos de mandato teñen asegurado o 80% da pensión máxima**, (uns 30.000€ ao ano) e poden xubilarse aos 60 anos. Se perden o escano, cotízanlles até a xubilación.

10 O Estado Español **triplica a media de contratación temporal precaria de Europa**. Estes traballadores e traballadoras temporais nunca chegarán aos 35 anos para cobrar o 100% da pensión e teranse que xubilar máis tarde e cobrarán menos. Con menos temporalidade produciríanse máis ingresos. Ao final, os que teñen o traballo máis duro e máis precario terán a peor pensión.

A pensión media é de 876€/mes. En Galiza, de **728€**. Esta é a pensión da clase traballadora, a dos ricos supera os 3000€. A clase traballadora asociada a traballos de dureza e fatiga (automóbil, naval, construción, pedra, mar, conserva, téxtil, limpeza, etc), vive un promedio de dez anos menos que os executivos, banqueiros, xuíces, notarios, empresarios, profesións liberais, etc. Viven máis os que cobran as pensións máis altas.

O maior fraude á Seguridade Social cométeno as Empresas. Contratos a media xornada ou por horas pero traballando realmente toda xornada. Tamén nas horas extras que non cotizan. No informe de Facenda do ano pasado o 90% dos empresarios aseguran ingresar menos de 1000€ ao mes.

Esta é a democracia dos ricos, na que o capitalismo financeiro quere controlar as pensións. Billóns de euros, que logo irán ás accións das grandes empresas na Bolsa. Por isto queren a reforma. Lembra que so tres grupos políticos rexeitaron a reforma laboral e esta reforma das pensións: BNG, IU e ERC. Loita tamén co teu voto.

Non permitamos este ataque aos nosos dereitos, porque non pensan parar. Seguirán reformando e empobrecendo as pensións. O noso futuro, os dos novos traballadores e traballadoras debemos defendelo agora.